

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR

CURSO: 1º. 2º. 3º E 4º ESO

MATERIA: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

DEPARTAMENTO: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

DATA: 12/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**
- 2. Avaliación e cualificación**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles<sup>1</sup>

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Recoñecer e clasificar as palabras segundo a súa categoría gramatical (adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións). (1º ESO)</li> <li>✓ Aplicar os coñecementos sobre a lingua en relación coas grafías <i>g/j</i>, <i>ll/y</i> e <i>h</i>. (1º ESO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Recoñece e clasifica as palabras invariables (adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións). (1º ESO)</li> <li>✓ Recoñece e corrixe erros ortográficos en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos. (1º ESO)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Recoñecer os diferentes tipos de textos xornalísticos. (2º ESO)</li> <li>✓ Aplicar os coñecementos sobre a lingua en relación coas grafías <i>x</i>, <i>c,z,cc</i>. (2º ESO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Recoñece os diferentes rasgos dos textos xornalísticos. (2º ESO)</li> <li>✓ Redacta, con coherencia e corrección, diferentes tipos de textos xornalísticos, seguindo un modelo . (2º ESO)</li> <li>✓ Recoñece e corrixe erros ortográficos en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos. (2º ESO)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Coñecer as características mais relevantes da literatura española do século XVII. (3º ESO)</li> <li>✓ Identificar as oración pasivas e o C Ag e as oración transitivas e intransitivas. (3º ESO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Coñece as características mais relevantes da literatura española do século XVII. (3º ESO)</li> <li>✓ Le e comprende textos literarios representativos da literatura do século XVII, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria. (3º ESO)</li> <li>✓ Transforma oración activas en pasivas e viceversa, explicando os diferentes papeis semánticos do suxeito: axente, paciente e causa. (3º ESO)</li> <li>✓ Recoñece as oración transitivas e asintransitivas. (3º ESO)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Identificar os diferentes tipos de oracións subordinadas e clasificalas, incluídas as subordinadas adxectivas e adverbiais. (4º ESO)</li> <li>✓ Recoñecer as características mais relevantes dos grandes períodos da literatura do século XX, establecendo as principais diferenzas que separan uns doutros. (4º ESO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Identifica os diferentes tipos de oracións subordinadas e clasifícaaas, incluídas as subordinadas adxectivas e adverbiais. (4º ESO)</li> <li>✓ Le e comprende textos literarios representativos da literatura do século XX, resumindo o seu contido identificando a linguaxe literaria. (4º ESO)</li> </ul>

<sup>1</sup> Remítase á Programación didáctica do departamento de LCL, concretamente ao “grao mínimo de consecución para superar a materia” en cada curso. Neste apartado só se especifican os correspondentes á 3ª avaliación.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Traballos individuais e/ ou traballos grupais. Bloques de tarefas e/ou probas en liña. Valorarase o traballo do alumnado durante este periodo. Pediranse <b>tarefas</b> que poderán ser semanais ou quincenais. Poderá, así mesmo, facerse alguna proba en liña. <b>Non se aceptarán tarefas ou traballos fóra de prazo.</b></p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Análise e comentarios de textos.</li><li>• Desenrolo dun tema.</li><li>• Resolución de exercicios.</li><li>• Respostas a preguntas.</li><li>• Composición e creación de diferentes tipos de textos.</li><li>• Elaboración de resúmenes, sínteses, esquemas, mapas conceptuais.</li><li>• Traballos de investigación sobre diferentes movementos literarios, autores, etc.</li><li>• Corrección de exercicios.</li><li>• Actividades e /ou cuestionarios en liña.</li><li>• Actividades interactivas.</li><li>• Actitude ante a materia.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A avaliación final centrarase na adquisición de competencias clave e dos contidos impartidos no primeiro e segundo trimestre.</p> <p>-O alumnado <b>non verá diminuído o resultado obtido nas avaliacións anteriores.</b></p> <p>-Para determinar a nota final de curso farase unha <b>media entre</b> as notas da <b>1ª e 2ª avaliación</b>, con clases presenciais e as probas obxectivas realizadas polo alumnado.</p> <p>-Para aqueles alumnos que <b>teñan aprobadas as dúas avaliacións</b>, o traballo realizado de forma non presencial durante este período, <b>pode supor ata un punto máis na nota final. As tarefas e/ou probas realizadas terán todas o mesmo valor.</b></p> <p>-Para o alumnado que teña <b>unha ou as dúas avaliacións suspensas</b>, as tarefas feitas na terceira avaliación <b>poden supoñer a recuperación das anteriores</b>, sempre que acaden o mínimo esixible. No caso de seren recuperadas, <b>a nota non sería superior a 5</b>, dada a imposibilidade de realizar probas presenciais obxectivas que permitan determinar en cada alumno o grao de consecución dos obxectivos.</p> <p>-<b>En todos os casos</b>, ademais da <b>calidade e corrección das tarefas</b>, esixirase unha <b>correcta redacción</b>, sen erros de coherencia e cohesión e una <b>adecuada presentación e ortografía.</b></p> <p><b>Non se aceptarán tarefas ou traballos fóra de prazo.</b></p>

<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>A proba extraordinaria de setembro centrarase nos <b>contidos mínimos</b> fixados na Programación de Lingua castelá e Literatura, e na <b>adquisición das competencias clave adquiridas nas avaliacións 1ª e 2ª.</b></p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os alumnos <b>que aprobaron unha das avaliacións</b> do curso no que se atopan, <b>consideraranse aprobados</b> na materia pendente.</p> <p><b>Valoraranse os bloques de tarefas entregadas ata a o 13 de marzo. A entrega satisfactoria de ditas tarefas supón o aprobado</b> da materia pendente.</p> <p><b>Aqueles que suspenderan as dúas avaliacións</b>, e non entregaron todos os bloques de actividades pedidos ata o 13 de marzo, <b>deberán entregar unha tarefa específica, que será remitida pola profesora.</b></p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p><b>A nota máxima que acadarán os alumnos será un 5</b> en todos os supostos anteriores.</p> <p>Ademais da <b>calidade e corrección das tarefas</b>, esixirase unha <b>correcta redacción</b>, sen erros de coherencia e cohesión e una <b>adecuada presentación e ortografía.</b></p> <p><b>Non se aceptarán tarefas fóra de prazo.</b></p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>As tarefas de recuperación propostas pola profesora.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades con autoevaluación</li> <li>• Actividades de reforzo dos contidos vistos nas avaliacións anteriores</li> <li>• Actividades de ampliación dos contidos vistos nas avaliacións anteriores</li> <li>• Actividades de avance da materia</li> <li>• Actividades de recuperación</li> <li>• Actividades e/ou cuestionarios en liña</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Fomentarase o traballo por competencias, especialmente, a competencia dixital, a de aprender a aprender e, sobre todo, a competencia comunicativa. Así mesmo, impulsarase a autonomía do alumnado, e a organización e a planificación das tarefas por parte do mesmo, proporcionando sempre a posibilidade de retroalimentación coa profesora.</p> <p>Atenderase de modo prioritario aos aspectos que contribúan á correcta utilización da lingua, tanto dende o punto de vista oral como escrito, para unha continua mellora na competencia comunicativa do alumnado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Libros de textos no segundo ciclo da ESO.</li> <li>• Plataforma Edixgal no primeiro ciclo de la ESO e os libros de texto como apoio.</li> <li>• Recursos en liña, multimedia e páxinas web educativas.</li> <li>• Búsqueda de información en Internet, resolución de actividades e elaboración de textos en soporte dixital.</li> <li>• Materiais da Aula virtual e dos diferentes blogs, en especial o uso do seguinte blog da profesora que imparte a materia: <a href="http://rosarioprofedelengua.blogspot.com/">http://rosarioprofedelengua.blogspot.com/</a></li> <li>• As tarefas, actividades e solucións aportadas pola profesora, tanto nesta avaliación como nas anteriores.</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Edixgal (1º e 2º ESO) Google drive (3º e 4º ESO) Abalarmóbil Correo electrónico
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.